

INFORME

Ranking CYD universidades sostibles 2025





Índice

Introdución	2
Metodoloxía	3
Posición da Universidade de Vigo	5
Síntese da posición da Uvigo.....	7
Información de contacto	8

Introdución

O presente informe ten como obxectivo reflectir a posición da Universidade de Vigo no Ranking CYD - Universidades Sostibles 2025. Este ranking, promovido pola Fundación Conocimiento y Desarrollo (CYD), avalía o grao de implicación das universidades españolas cos principais retos sociais e medioambientais do século XXI, recoñecendo o papel das institucións de educación superior como motores de cambio, innovación e cohesión social.

O estudo da Fundación CYD pretende ofrecer unha visión global e comparativa do nivel de compromiso das universidades con valores como a igualdade de xénero, a inclusión educativa, a prevención da discriminación e o acoso, a acción social, o voluntariado e a promoción da saúde e o benestar. Estes aspectos, cada vez máis centrais na estratexia universitaria, forman parte dun enfoque que entende a sostibilidade non só como un reto ambiental, senón tamén humano e institucional.

A través da análise de indicadores obxectivos e datos declarados polas propias universidades, o informe da Fundación CYD permite identificar boas prácticas, tendencias e áreas de mellora, contribuíndo así á consolidación dun sistema universitario español comprometido coa súa contorna social.

Neste contexto, o Compromiso Social adquirese como un dos piares fundamentais do modelo de universidade contemporánea: unha universidade que non só forma profesionais cualificados, senón tamén cidadáns conscientes, participativos e solidarios.

A Universidade de Vigo, fiel á súa misión pública e ao seu compromiso co desenvolvemento sostible, participa activamente nas distintas iniciativas avaliadas pola Fundación CYD. A institución leva anos integrando a responsabilidade social universitaria como eixo transversal das súas políticas, con accións concretas en igualdade, diversidade, benestar e cooperación. O recoñecemento obtido no Ranking CYD 2025 confirma a súa evolución como universidade que combina excelencia académica, compromiso ético e vocación transformadora.

Metodoloxía

A Fundación CYD basea o seu ranking nunha enquisa estruturada composta por 260 ítems, respondida por 73 universidades españolas (44 públicas e 29 privadas). O obxectivo principal desta metodoloxía é avaliar de maneira comparativa e rigorosa o grao de compromiso das institucións de educación superior cos desafíos sociais e medioambientais contemporáneos.

As dimensións analizadas distribúense en seis grandes ámbitos temáticos: igualdade, discriminación e acoso, inclusión, acción social e cooperativismo, promoción da saúde e benestar, e sostibilidade ambiental.

Cada un destes eixos agrupa un conxunto de indicadores que permiten observar tanto a existencia de políticas institucionais como a súa implementación práctica e o impacto real na comunidade universitaria.

A edición 2025 introduce un enfoque cuantitativo comparativo, que se materializa a través de 16 indicadores específicos agrupados en dúas áreas principais: Compromiso Social e Sostibilidade Ambiental. Esta aproximación integra tanto información declarada polas propias universidades como datos contrastados procedentes de fontes públicas, garantindo así unha avaliación equilibrada entre a autoobservación institucional e a evidencia externa.

O bloque de Compromiso Social constitúe o núcleo deste informe e recolle os aspectos vinculados ao benestar, a equidade e a responsabilidade social universitaria. Nel analízanse as medidas adoptadas polas institucións en relación coa igualdade de xénero, a prevención da discriminación e o acoso, a atención á diversidade funcional, a promoción da saúde física e mental e o fomento da participación cidadá a través do voluntariado e a cooperación internacional.

A metodoloxía da Fundación CYD aposta por unha lectura integradora da sostibilidade, entendéndoa como unha responsabilidade compartida que abarca o ámbito ambiental, económico e humano. Neste sentido, o ranking non só mide resultados cuantificables, senón tamén a madurez institucional das universidades á hora de incorporar a sostibilidade e o compromiso social nas súas estruturas organizativas, estratexias de goberno e cultura corporativa.

Para o caso da Universidade de Vigo, esta metodoloxía permite visibilizar a consolidación dun modelo baseado na transversalidade da igualdade, na promoción da saúde integral e na participación activa da comunidade universitaria en proxectos sociais e ambientais. Os datos obtidos permiten contextualizar o avance da UVigo no marco do sistema universitario español e identificar fortalezas que sustentan a súa posición destacada na edición 2025 do Ranking CYD.

Posición da Universidade de Vigo

Na edición 2025 do Ranking CYD, a Universidade de Vigo figura entre primeiras universidades españolas en materia de sostibilidade global, destacando especialmente pola súa traxectoria en compromiso ambiental e pola consolidación de políticas sociais activas. Estes resultados confirman a evolución positiva da institución na integración dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) no ámbito universitario.

TOP 10 UNIVERSIDADES más destacadas en las DIMENSIONES SOCIAL Y MEDIOAMBIENTAL

1	VALÈNCIA- ESTUDI GENERAL	UNIVERSITAT ID VALÈNCIA
2	GIRONA	Universitat de Girona
3	MÁLAGA	UNIVERSIDAD DE MÁLAGA
4	ALMERÍA	UNIVERSIDAD DE ALMERÍA
5	SALAMANCA	UNIVERSIDAD DE SALAMANCA
6	SEVILLA	UNIVERSIDAD DE SEVILLA
7	VIGO	Universidade de Vigo
8	ALICANTE	Universitat d'Alacant Universidad de Alicante
9	GRANADA	UNIVERSIDAD DE GRANADA
10	JAÉN	Universidad de Jaén

www.rankingcyd.org

RANKING
CYD
UNIVERSIDADES
SOSTENIBLES

No seguinte cadro sinóptico pode verse o posicionamento da Universidade de Vigo en cada un dos indicadores, agrupados na categoría de Compromiso social e Compromiso ambiental, segundo unha escala maior rendemento relativo (cor verde), rendemento intermedio (cor amarela) e menor rendemento relativo (cor vermella) e en relación ó resto de universidades avaliadas.

 Clasificación Universidade de Vigo		 Mayor rendimiento relativo  Rendimiento intermedio  Menor rendimiento relativo  No Aplica/Sin datos
CATEGORÍA	INDICADOR	POSICIONAMIENTO
Compromiso social	Talento investigador femenino	
	Denuncias por comunidad universitaria	
	Inversión en atención a la discapacidad	
	Estudiantado con discapacidad	
	Personal con discapacidad	
	Fomento de matriculación para estudiantes con discapacidad	
	Ayudas propias al estudio	
	Inversión en acción social	
	Inversión en promoción de la salud	
	Acciones de promoción de la salud	
Compromiso ambiental	Residuos generados	
	Consumo de agua	
	Inversión en sostenibilidad	
	Implementación de acciones uso consciente del agua	
	Implementación de acciones eficiencia energética	
	Implementación de innovación tecnológica para la sostenibilidad	

Na seguinte táboa pode observarse o rendemento resumindo dos 16 indicadores avaliados pola Fundación CYD :

Área de Compromiso	Total	Elevado	Intermedio	Reducido
Compromiso Xeral				
<i>Social e Medioambiental (Global)</i>	16	7	6	3
Desglose Específico				
<i>Compromiso Social</i>	10	3	4	3
<i>Compromiso Medioambiental</i>	6	4	2	0

Dos 16 indicadores do compromiso xeral social e ambiental, 7 teñen un rendemento elevado, 6 intermedio e 3 reducido. Dos que no compromiso ambiental 4 son de alto rendemento e 2 de intermedio e no compromiso social 3 son de alto rendemento, 4 intermedio e 3 reducido.

Síntese da posición da Uvigo

A Universidade de Vigo consolídase como unha institución con forte compromiso social e ambiental, situándose entre as mellor valoradas pola Fundación CYD pola súa integración transversal da sostibilidade nas políticas universitarias. A súa estratexia institucional reforza a igualdade, a saúde e o voluntariado como eixos fundamentais da responsabilidade universitaria.

Información de contacto

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato. Andar 0.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689

Web:

<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-analises-programas>



